

parcela de dominio público portuario condicionado ao cumprimento duns requisitos.

O expediente de afectación secundaria tramitouse segundo o disposto no artigo 12 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 31 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de setembro de dous mil sete,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Acórdase a imposición dunha afectación secundaria a favor da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, dunha parcela do dominio público portuario do porto de Tragove, adscrita ao ente público Portos de Galicia, para construír unha base loxística de loita contra a contaminación.

A base construírse sobre unha parcela de 3.743 m<sup>2</sup> integrada no dominio público portuario do porto de Tragove identificada no expediente de afectación.

#### Artigo 2º

A concorrencia da antedita afectación respecto do porto de Tragove non altera a adscrición orgánica exixida pola afectación principal, que lle confire ao seu titular, Portos de Galicia, as facultades de administración, xestión e conservación, sen prexuízo das que lle correspondan á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos como titular dun interese específico determinante da afectación secundaria.

#### *Disposición derradeira*

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a termo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, vinte e sete de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

*Orde do 14 de agosto de 2007 pola que se declara a alienabilidade dun inmovible situado no edificio Palmeiras do Paseo de Cervantes de Pontevedra.*

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dun inmovible no Paseo de Cervantes de Pontevedra con-

sonte co Real decreto lei 8/1994, do 5 de agosto, pola que se suprimen as cámaras oficiais da propiedade urbana, e o Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a súa liquidación e extinción.

Unha vez obtida a inscrición no correspondente rexistro da propiedade a nome da Comunidade Autónoma de Galicia e dado o seu carácter patrimonial, procede declarar a súa alienabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o seu tráfico patrimonial.

Na súa virtude, por proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio,

### DISPOÑO:

#### Artigo único.

Declárase a alienabilidade do inmovible que se describe a continuación:

Planta primeira do edificio Palmeiras situado no Paseo de Cervantes de Pontevedra, cunha superficie construída aproximada de 716,31 m<sup>2</sup> e que linda: fronte, relanzo, escaleira e xardíns de Vicente, rúa Cervantes; dereita entrando, caixa de escaleira e ascensores das vivendas e rúa Pastor Díaz; esquerda, avenida da Raíña Victoria; e fondo, caixa de escaleiras das oficinas e vivendas, patio de luces e rúa Pastor Díaz. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra como predio nº 35.709 N, tomo 1.517, libro 736, folio 19, inscrición terceira.

Ten unha valoración de 1.432.620 euros.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2007.

P.D. (Orde 18-9-2006)  
Inmaculada Viña Carregal  
Secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería  
de Economía e Facenda

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 28 de setembro de 2007 pola que se convocan axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en actividades desenvolvidas ao abeiro de proxectos aprobados no marco da iniciativa comunitaria Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013, e que se realicen durante o ano 2007.*

O Tratado Constitutivo da C.E. nos seus artigos 149 e 150 establece un marco xurídico para propor

accións de cooperación no ámbito da educación, especialmente no ámbito escolar. No novo contexto do mercado único a educación debe preparar os mozos e mozas para exercer as súas responsabilidades nun espazo económico e social cada vez máis amplo. A mellora de habilidades lingüísticas e o coñecemento das culturas doutros países son factores fundamentais para permitir que os xoves desenvolvan plenamente todas as súas potencialidades na súa vida activa como cidadáns europeos.

O Programa de Aprendizaxe Permanente é unha iniciativa comunitaria que se adoptou na Decisión nº 1720/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2006, e se aplicará ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2013.

Este programa substitúe e integra os programas Sócrates (Comenius, Erasmus e Gruntvig) e Leonardo da Vinci, dos que a súa segunda fase de pervivencia concluíu en decembro de 2006.

Así pois, este novo programa inclúe varios subprogramas: as asociacións escolares dentro da acción Comenius, que teñen como obxectivo reforzar a dimensión europea da educación promovendo actividades de cooperación entre centros educativos en Europa; o subprograma Leonardo da Vinci, que vai dirixido a atender as necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes en formación profesional; o subprograma Erasmus, que ten como obxectivo atender as necesidades de ensino superior e aprendizaxe de todo o alumnado que está matriculado en cursos das ensinanzas superiores de réxime especial ou en ciclos superiores de formación profesional.

A mencionada Decisión nº 1720/2006/CE atribúelle á Axencia Nacional do país, neste caso ao organismo autónomo Programas Educativos Europeos, a xestión das accións descentralizadas do Programa de Aprendizaxe Permanente, establecendo a través da propia decisión e da Guía para as Axencias Nacionais, as normas éticas, de organización e financeiras que se deben cumprir. Así mesmo, co fin de cumprimentar os requirimentos establecidos na citada decisión para os estados membros da Unión Europea, créase mediante o Real decreto 903/2007, do 6 de xuño, o estatuto do organismo autónomo Programas Educativos Europeos, que nace coa finalidade de executar os créditos orzamentarios que poidan resultar afectados pola xestión coordinada, a escala nacional, das accións do citado programa.

A finalidade desta convocatoria é apoiar iniciativas dos centros educativos que comporten a participación do alumnado e do profesorado en actividades que potencien a aprendizaxe de linguas estranxeiras; que apoiem o uso innovador das novas tecnoloxías da información e comunicación; que incrementen a calidade da dimensión europea da educación; que promovan a mellora, a calidade e a innovación en formación

profesional e nos sistemas de formación, institucións e empresas; que faciliten o desenvolvemento de prácticas innovadoras nos ámbitos da educación e formación profesional e a súa transferencia, incluso entre distintos países participantes; que faciliten a realización de estadías transnacionais en empresas e institucións e a realización de proxectos multilaterais para a transferencia e desenvolvemento da innovación.

Todo isto aconsella apoiar as iniciativas xurdidas para desenvolver a colaboración con outros países europeos, polo que, en uso das facultades que teño atribuídas,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

1. Convocar axudas económicas destinadas a sufragar os gastos orixinados polas viaxes e estadías de alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, e de niveis non-universitarios, que participen en proxectos aprobados ao abeiro da iniciativa comunitaria do Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013, e que se realicen durante o ano 2007.

2. As axudas concederanse con cargo á partida orzamentaria 09.03.422N.480.1 por un importe total máximo de 95.200 euros.

3. Do importe total das axudas, destinarase 70.000 € para os proxectos de asociacións Comenius, e 25.200 € para os proxectos Leonardo da Vinci e Erasmus (ciclos superiores de formación profesional). No caso de quedar sen cubrir o orzamento dalgún dos proxectos poderá acumularse co excedente do outro orzamento.

4.- As axudas económicas que se obteñan a través desta convocatoria servirán para cubrir a porcentaxe do orzamento que debe ser asumido polos alumnos e profesores como cofinanciamento do proxecto aprobado en calquera das accións do Programa de Aprendizaxe Permanente, sen que ese cofinanciamento supoña máis do 25% dos gastos financiados polo programa para o ano 2007.

Artigo 2º.-Destinatarios e modalidades das axudas.

Os destinatarios das axudas serán alumnos e profesores de centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos, de educación secundaria, bacharelato, ciclos formativos de grao medio ou superior, que participen nas seguintes accións: asociacións escolares Comenius, proxectos Leonardo da Vinci e proxectos Erasmus, todos eles pertencentes ao Programa de Aprendizaxe Permanente.

As actividades de intercambios e estadías de profesores e alumnos deberán estar aprobadas e financia-

das en parte con fondos da Unión Europea, a través do Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013.

#### Artigo 3º.-Requisitos.

1. Ser alumno/a ou profesor/a dun centro dos recollidos no artigo anterior e que teña o proxecto aprobado.

2. Participar en actividades de mobilidade no último cuadrimestre do ano 2007.

#### Artigo 4º.-Criterios de adxudicación da subvención.

Terán prioridade os proxectos que se desenvolvan durante o ano 2007 e reúnan as seguintes características:

1. No caso das asociacións escolares Comenius:

a) Os obxectivos do proxecto son realistas e abordan un tema relevante para Comenius (ata 13 puntos).

b) A repercusión e os beneficios previstos pola asociación para os participantes e demais partes interesadas son claros e están ben definidos (ata 10 puntos).

c) A asociación ten definido un plan para avaliar se se conseguen os obxectivos e a repercusión prevista da asociación no transcurso do ciclo de vida do proxecto (ata 7 puntos).

d) As actividades de difusión e aproveitamento planificadas están ben definidas e garanten o uso óptimo dos resultados entre os centros participantes (ata 10 puntos).

e) Outras institucións tamén se beneficiarán das actividades de difusión e aproveitamento planificadas e, se é posible, os resultados tamén se estenderán á comunidade educativa (ata 6 puntos).

f) Existe un equilibrio adecuado entre as funcións e as tarefas dos diferentes participantes en termos da súa implicación nas actividades definidas (ata 8 puntos).

g) Planifícanse medidas adecuadas para garantir a comunicación e a cooperación efectivas entre os centros participantes (ata 9 puntos).

h) A solicitude establece claramente como se implicará o alumnado e/ou a persoal pertinente na planificación, posta en práctica e avaliación das actividades (ata 12 puntos).

i) A asociación está integrada no programa de estudos e/ou das actividades en cursos dos centros implicados (ata 10 puntos).

j) A táboa de planificación de actividades recolle todo o período de duración do proxecto e define e distribúe as tarefas entre os socios de tal modo que sexa posible lograr os resultados e que todos os socios estean implicados de maneira activa. As mobilidades

planificadas son pertinentes para a asociación en cuestión (ata 9 puntos).

k) Os resultados son pertinentes e polo menos un dos produtos será realizado de maneira conxunta por todos os socios (ata 6 puntos).

2. No caso de proxectos Leonardo da Vinci e Erasmus:

a) Carácter innovador do proxecto proposto, en canto á mellora das metodoloxías, contidos e instrumentos dos itinerarios transnacionais formativos que promoven (ata 25 puntos).

b) Valor engadido da dimensión europea que conteñen (ata 25 puntos).

c) Claridade e coherencia do financiamento da proposta (ata 15 puntos).

d) Carácter multi-axente do partenariado (ata 15 puntos).

e) Fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito da formación e igualdade de acceso á formación de persoas desfavorecidas con difícil inserción laboral (ata 10 puntos).

g) Capacidade para a transferencia dos resultados (ata 10 puntos).

#### Artigo 5º.- Solicitudes e documentación

1. Os alumnos e profesores interesados deberán presentar a súa solicitude, a través dos centros docentes e a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, s/n, código postal 15781, en Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos medios previstos para a presentación de instancias no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se a solicitude se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de proceder á súa certificación postal. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo co establecido no artigo 71 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, naquelas solicitudes que non se acheguen os requisitos sinalados, requirirase o interesado para que nun prazo de dez días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos; de non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente, nos termos previstos no precitado artigo.

A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado levará consigo a auto-

rización á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para recadar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia se for necesario. Igualmente levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo do anexo desta publicación e irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o anexo desta orde.

b) Unha copia do proxecto aprobado pola Axencia Leonardo da Vinci ou polo organismo autónomo Programas Europeos, segundo corresponda.

c) Unha copia da comunicación oficial de aprobación do proxecto e do convenio financeiro en que conste a contía concedida pola citada axencia ou organismo autónomo, a cantidade que se deberá achegar como cofinanciamento.

d) Certificación de ter ou non subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

e) Declaración responsable de non darse ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro) para os efectos de cumprir os requirimentos para obter a condición de beneficiarios da axuda.

3. Os centros privados concertados deberán cumprir as obrigas establecidas nos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG do 5 de novembro).

4. As axudas, subvencións e convenios outorgados pola Xunta de Galicia figurarán no Rexistro Público de Subvencións con expresión das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, as cantidades concedidas e a normativa que amparou a concesión e a súa finalidade. Este rexistro será de acceso público, por procedementos informáticos, nos termos previstos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e terá en conta os extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 6º.-Comisión de selección.

1. A valoración das solicitudes será realizada por unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ou persoa en que delegue.

Vogais: o subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente, o xefe de Servizo de Formación Profesional e o xefe do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

2. A comisión seleccionará os proxectos tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4º. Para iso, poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica só para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados segundo o previsto no artigo 5º.

Artigo 7º.-Resolución e comunicación.

1. Valorados os proxectos, a comisión de selección elaborará a proposta de adxudicación das subvencións e elevaraa á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda.

2. A concesión ou denegación da axuda resolverase por orde da Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal educativo [www.edu.xunta.es/ea](http://www.edu.xunta.es/ea). Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. As solicitudes entenderanse denegadas de non ditarse resolución expresa no prazo de seis meses contados desde a publicación desta orde.

Artigo 8º.-Prazo e forma de pagamento.

1. O importe das axudas poderá ser de ata o 25 % da axuda total concedida polo organismo autónomo Programas Europeos para a realización do proxecto durante o ano 2007.

2. As axudas aboaranse unha vez rematada a actividade e logo da súa completa xustificación económica e entrega da memoria de actividades de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, achegando a documentación a que fai referencia o artigo 8º desta orde, no prazo máximo de quince días naturais contados a partir do remate das actividades. En todo caso, a xustificación e memoria deberán entregarse antes do 15 de decembro de 2007.

## Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 78.4º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e ademais as seguintes:

a) Aceptar a axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, os beneficiarios non aceptan esta, entenderase que renuncian á súa percepción.

b) Facilitar a información requirida pola dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

c) Xustificar o correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

## 1. Memoria.

Os alumnos e profesores beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas. A memoria enviarase a través do centro e deberá incluír os seguintes puntos:

a) Certificación do director do centro en que se faga constar a empresa ou centro de acollida e as datas exactas de duración da estadía, o nome e número do DNI dos alumnos e/ou dos profesores participantes, indicando neste caso se é coordinador ou participante na estadía.

b) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

c) Obxectivos conseguidos.

d) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles.

## 2. Xustificación de gastos efectuados.

a) Certificación do director do centro educativo conforme o Consello Escolar do centro aprobou as contas, na que figure a cantidade achegada polo organismo autónomo de Programas Europeos ou Axencia Leonardo da Vinci, e a cantidade cofinanciada, achegando nunha relación todos os gastos efectuados. As facturas orixinais dos referidos gastos arquivaranse no centro docente para a súa custodia e para a posta en disposición, se é o caso, dos órganos de control que teñan atribuídas as funcións de comprobación e control da aplicación deses fondos.

b) Certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

Artigo 10º.-Modificación da resolución de concesión das axudas.

Os alumnos e profesores participantes no proxecto, así como os centros docentes a que pertencen, quedan

sometidos ás actuacións de comprobación e de seguimento que realice a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e, se é o caso, a Inspección Educativa. Igualmente, queda sometida ás accións de control financeiro que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e as que poidan efectuar a Comisión e o Tribunal de Cuentas da Unión Europea.

O importe das axudas concedidas aos alumnos e profesores en ningún caso poderán ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que regulamentariamente se estableza.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.-A non xustificación da axuda percibida conforme ao disposto nesta orde ou o incumprimento das súas condicións levará consigo o reintegro das cantidades non xustificadas de acordo co establecido no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as disposicións necesarias no desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da súa publicación.

Terceira.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ás normas do seu desenvolvemento. Igualmente é de aplicación o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coas modificacións aprobadas na Lei 14/2004, do 29 de decembro. O Decreto 287/2000, do 21 de novembro, será de aplicación en todo aquilo que non se opoña aos preceptos legais citados.

Cuarta.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS ECONÓMICAS PARA ALUMNOS E PROFESORES DE CENTROS DOCENTES QUE PARTICIPEN EN ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO ABEIRO DE PROXECTOS APROBADOS NO MARCO DA INICIATIVA COMUNITARIA PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE 2007-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED309H</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<input type="checkbox"/> Proxectos Asociacións Comenius	<input type="checkbox"/> Proxectos Leonardo da Vinci-Erasmus
---	--

TÍTULO DO PROXECTO
--------------------

**DATOS DO CENTRO DOCENTE**

CENTRO		CIF	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	FAX
TELEFAX	NOME DO/A DIRECTOR/A	Nº DE CONTRATO	
NOME DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO		CORREO ELECTRÓNICO	
Nº ALUMNOS/AS	Nº PROFESORES/AS	DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN	

**CÓDIGO DA CONTA CORRENTE DO CENTRO**

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DA CONTA
----------	----------	------	-----------------

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puideran impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos personais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de setembro de 2007 pola que se convocan axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en actividades desenvolvidas ao abeiro de proxectos aprobados no marco da iniciativa comunitaria Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013, e que se realicen durante o ano 2007.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  Lugar e data _____ de _____ de 2007

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA
		___/___/___

Director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais